



Mulleres nomeadas polos outros. Estudo do sistema antroponímico baixo-medieval dende unha perspectiva de xénero

Paula Bouzas¹

Recibido: 14 de novembro de 2022 / Aceptado: 14 de abril de 2023

Resumo. O estudo de dúas coleccións documentais do século XV poñen de manifesto algunhas diverxencias no sistema de nomeamento en función do xénero. Ao discriminar os datos dende esta perspectiva, tendo en conta as secuencias antroponímicas femininas e masculinas separadamente, revélanse particularidades relativas ao tipo de cadea e diferenzas no tocante á distribución, presenza e natureza dos tipos de segundo nome. Trátase nalgúns casos de tendencias que, por estaren presentes nun colectivo con mención minoritaria nas fontes, resultan imperceptibles no conxunto xeral de datos. Na presente contribución afondaremos nestas diverxencias e presentaremos numerosos exemplos. Con este traballo espérase contribuir ao estudo do sistema antroponímico baixomedieval galaico e achegar novos datos para entender a súa evolución.

Palabras chave: antroponimia; Baixa Idade Media; xénero; galego; fontes documentais.

[es] Mujeres nombradas por los otros. Estudio del sistema antroponímico bajomedieval desde una perspectiva de género

Resumen. El estudio de dos colecciones documentales del siglo XV pone de manifesto algunas divergencias en el sistema de denominación en función del género. Al discriminar los datos desde esta perspectiva, teniendo en cuenta por separado las secuencias antroponímicas femeninas y masculinas, se revelan particularidades relativas al tipo de cadena y diferencias en la distribución, presencia y naturaleza de los tipos de segundo nombre. Se trata, en algunos casos, de tendencias que, por afectar a un colectivo con presencia minoritaria en las fuentes, resultan imperceptibles en el conjunto general de los datos. En esta contribución profundizamos en estas divergencias y presentamos numerosos ejemplos. Con este trabajo se espera contribuir al estudio del sistema antroponímico bajomedieval galaico y aportar nuevos datos para entender su evolución.

Palabras clave: antroponimia; Baja Edad Media; género; gallego; fuentes documentales.

[en] Women Named by Others: A Study of the Late-Medieval Anthroponymic System from a Gender Perspective

Abstract. The study of two 15th century documentary collections brings to light divergences in the naming system by gender. When the data are disaggregated from this perspective, considering female and male anthroponymic sequences separately, particularities emerge regarding the type of chain and differences in the distribution, presence, and nature of second-name types. In some cases these are trends that, because they pertain to a group with a minority presence in the sources, remain imperceptible in the overall dataset. In this contribution we delve into these divergences and present numerous examples. This work aims to contribute to the study of the late-medieval Galician anthroponymic system and to provide new data for understanding its evolution.

Keywords: Anthroponymy; Late Middle Ages; Gender; Galician; Documentary Sources.

Sumario. 0. Introducción. 1. Cuestións metodolóxicas e terminolóxicas. 2. Estudo. 2.1. Tipo de estrutura. 2.1.1. Cadeas con nome único. 2.1.2. Cadeas con terceiro nome. 2.2. Distribución dos tipos de segundo nome. 2.3. Características do segundo nome. 2.3.1. As formas detopónicas. 2.3.2. As formas patronómicas. 2.3.3. As formas delexicais. 3. Conclusións. 4. Referencias bibliográficas.

¹ Universidade Georg-August, Göttingen.

Correo-e: paula.bouzas@phil.uni-goettingen.de. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-8544-3294>.

Como citar: Bouzas, Paula (2024): “Mulleres nomeadas polos outros. Estudo do sistema antroponímico baixomedieval dende unha perspectiva de xénero”, en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 27, e104554, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104554>.

0. Introducción

Durante a Idade Media ten lugar unha importante evolución do sistema antroponímico. O nome único, dominante nos documentos do século VIII, vai ser progresivamente complementado por un segundo nome que se asentará finalmente na documentación do século XIII (Boullón 1999: 23). A entrada destas formas na cadea onomástica tivo lugar por medio de tres posibles vías (*Ibid.*: 24): o nome do pai, o lugar de procedencia ou un nome adicional (alcume ou hipocorístico). Dende o período de consolidación, documéntanse ademais cadeas onomásticas con tres elementos, isto é, un nome de pía e mais dous sobrenomes, aínda individuais. Malia que estas formas non se farán hereditarias ata o século XVI, constitúen en grande medida a base material do noso sistema actual de apelidos.

A análise de dúas coleccións documentais do século XV (Santo Estevo de Ribas de Sil e Montederramo) puxeron de manifesto, con todo, un sistema no que os modelos de nomeamento diverxen en función do xénero. No presente traballo incidirase nestas diverxencias e describiranse particularidades e tendencias que, por afectaren a un colectivo de escasa mención nas fontes, non resultan visibles nos estudos baseados en datos conxuntos. Estes datos facilitarán un mellor achegamento ao sistema antroponímico galego e as motivacións que subxacen ás formas que o configuran.

1. Cuestións metodolóxicas e terminolóxicas

Para a formación do corpus tiveronse en conta os documentos pertencentes ao século XV de dúas coleccións documentais diferentes: a colección do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (Bouzas 2016) e a colección do mosteiro de Santa María de Montederramo (Lorenzo 2016)². Trátase en total de 515 documentos,

fundamentalmente cartas de foro, a través das cales os respectivos mosteiros lles aforan diversas propiedades ás persoas do seu couto, e tamén algúns testamentos. O corpus antroponímico está formado en total por 2.276 cadeas onomásticas, correspondentes a un total de 1.891 homes e 385 mulleres, habitantes das respectivas comunidades.

O termo *cadea onomástica* ou *antroponímica* refírese á unidade conformada polos elementos pertinentes dende o punto de vista antroponímico que se aplican para nomear unha persoa, excluindo elementos con carácter aclaratorio ou suplementario (*cfr.* Boullón 1999: 16-17)³. Cada cadea pode presentar diferentes realizacións nos documentos, non só no que respecta ás variantes gráficas, senón tamén no que respecta ao número de compoñentes. Á hora de confeccionar o noso corpus, tomamos como referencia a secuencia antroponímica máis extensa que se lle asigna nas fontes a unha mesma persoa.

A partir da base de datos resultante fíxose unha análise do tipo de estruturas empregadas á hora de nomear e das formas antroponímicas presentes en cada lugar da cadea onomástica. Ademais tiveronse en conta informacións adicionais (parentesco, profesión, procedencia, etc.) co obxectivo de indagar o posible carácter referencial das formas e as motivacións subxacentes á súa aplicación.

Á hora de designar as diferentes compoñentes antroponímicas da cadea, empregamos os termos *primeiro nome*, *segundo nome* e *terceiro nome*, en función da posición que ocupan na secuencia. Neste sentido, documéntanse nos textos analizados tres tipos de estrutura:

- a. Estructuras formadas unicamente por un primeiro nome:
 - (1) Joana, vosa muller (M, doc. 1614)
 - (2) Goncalo, clérigo de Nogueira (M, doc. 1759)
- b. Estructuras formadas por un primeiro e un segundo nome:
 - (3) Cataliña *Goncalves* (RS, doc. 69)
 - (4) Afonso *Gonçalves*, clérigo de Couas (M, doc. 1528)

² Como referencia á hora de situar os exemplos e de especificar o número de ocorrencias correspondentes a cada colección, empregaranse as abreviaturas RS (Ribas de Sil) e M (Montederramo).

³ Neste período, a realización das cadeas non está aínda completamente fixada e a distinción entre as compoñentes propiamente antroponímicas e as aclaratorias resulta, xa que logo, difícil de establecer. Con todo, os propios documentos ofrecen a miúdo un contexto axeitado para facer a distinción. Nos casos dubidosos, incluírase na cadea o elemento susceptible de ser considerado antroponímico.

- c. Estruturas formadas por un primeiro, un segundo e un terceiro nome:

- (5) Juan Seoane de Maçayra (M, doc. 1689)
(6) Juan *Gonçalues* Barregan (RS, doc. 114)

En canto aos segundos nomes, as formas rexistradas foron clasificadas segundo a súa correspondente vía de creación en tres grandes categorías (Boullón 2007):

- a. Formas patronímicas (derivadas en orixe do primeiro nome do pai):
(7) Tereia *Gonçalues* (M, doc. 1762)
- b. Formas detoponímicas (baseadas nun topónimo que expresa nun principio o lugar de orixe ou residencia do individuo):
(8) *Goncaluo de Casanova* (RS, doc. 144)
- c. Formas delexicais (relativas a unidades lexicais que remiten orixinariamente a características persoais, tanto de xeito directo coma metafórico):
(9) Afonso *Abellom* (M, doc. 1799)

2. Estudo

As 2.276 cadeas onomásticas analizadas corresponden a un total de 1.891 homes e 385 mulleres. A baixa porcentaxe de mulleres nomeadas é moi semellante nas dúas coleccións: ao redor de 18% en Ribas de Sil e algo menos do 17% en Montederramo.

Durante a análise diferenciada en función do xénero dos datos correspondentes, fixéronse presentes, nas dúas coleccións de igual maneira, diverxencias en canto aos modelos aplicados a homes, por unha banda, e a mulleres, pola outra. Concretamente, manifestáronse diferenzas significativas nos seguintes ámbitos:

- Tipo de estrutura: as cadeas cun só nome e mais as secuencias cun terceiro nome, mi-

noritarias no conxunto, son aínda máis minoritarias no colectivo feminino.

- Distribución dos tipos de segundo nome: documéntase algunhas diverxencias interesantes nos datos relativos tanto á aparición dos diferentes tipos de segundo nome como tamén á evolución das porcentaxes ao longo do século.
- Características dos diferentes tipos de segundo nome: durante a análise das distintas categorías de segundo nome (patronímico, detoponímico e delexical), puideron observarse algunhas diverxencias en función do xénero. As diverxencias atinxen concretamente a natureza do patronímico (no que respecta ao posible mantemento do seu vínculo co nome do proxenitor) e a tipoloxía das formas delexicais (tanto no tocante á súa categorización semántica coma ao modo de establecer a referencia).

Estes aspectos serán tratados a continuación con máis detalle e con algúns exemplos.

2.1. Tipo de estrutura

O tipo de cadea máis frecuente nas dúas coleccións, con diferenza, responde a unha estrutura bimembre, conformada por un primeiro e mais un segundo nome (*vid.* figs. 1 e 2). As cadeas que conteñen unicamente un nome de pía son excepcionais e inclúen outro tipo de referencias ou informacións que permiten a identificación do individuo: fórmulas de tratamento (*frei*, *don*), especificación do parentesco con respecto a outra persoa (“fillo de”, “muller de”) ou mención ao cargo que ocupan (“clérigo de Covas”, “monxe de Montederramo”, “home do abade”, etc.). No que respecta ás cadeas constituídas por tres elementos, os casos adoitan rexistrarse cando o individuo é nomeado por vez primeira nunha fonte, mentres que nas seguintes mencións tende a eliminarse o terceiro nome.




Fig. 1. Distribución dos diferentes tipos de cadea onomástica nas dúas coleccións




Fig 2. Presenza porcentual do tipo de cadea, por xénero, en RS




Fig 3. Presenza porcentual do tipo de cadea, por xénero, en M

Se ben isto é unha tendencia observada tanto no colectivo dos homes coma no colectivo das mulleres, as estruturas minoritarias concorren neste último segmento de poboación de xeito aínda menos frecuente (*vid.* figs. 2 e 3):

2.1.1. Cadeas con nome único

Xa se mencionou que a porcentaxe de casos nos que se designa a persoa cun nome único é moi baixa en ambos os dous colectivos, mais resulta interesante observar a este respecto que, no que atinxe a este tipo de cadeas, se aducen informacións diferentes en cada caso. No grupo das mulleres, coa excepción do uso de *dona* en Montederramo para persoas con título nobiliario (3 casos), o nome único vén acompañado pola información sobre parentesco en todos os casos (*vid.* exs. 10-12):

- (10) bosa yrmaa Catalina (RS, doc. 45)
- (11) Joana, vosa muller (M, doc. 1614)
- (12) Beatrís, filla de Janes (M, doc. 1798)

No grupo dos homes, no entanto, só un 13% destas secuencias unimembres inclúe información sobre parentesco (21% en Ribas de Sil; 11% en Montederramo). Na meirande parte dos casos, introdúcese información sobre a profesión ou o cargo (*vid.* exs. 13-18):

- (13) frey Rrodrigo, monje de Santa Coonba de Naues (RS, doc. 90)

- (14) Rrodrigo e Aluaro, omes de Gomes Rrodrigues d’Alban (RS, doc. 101)
- (15) Antonyo, criado do señor (RS, doc. 143)
- (16) Ffrançisco, moordomo (M, doc. 1512)
- (17) don Iohán, abade do mosteyro de Santa María de Monte de Rramo (M, doc. 1581)
- (18) frey Malachías, cantor (M, doc. 1812)

2.1.2. Cadeas con terceiro nome

En total, rexístranse 968 cadeas que inclúen na súa estrutura un terceiro nome. A forma que ocupa este terceiro lugar na cadea, tanto no caso das mulleres coma no caso dos homes, é case exclusivamente detoponímica. No entanto, a adscripción destas cadeas a persoas do xénero feminino é pouco frecuente: no grupo de mulleres, a porcentaxe de persoas que contan cun terceiro elemento na súa cadea onomástica representa un 4,08% nos documentos de Ribas de Sil e un 2,52% nos de Montederramo, mentres que no grupo dos homes esta porcentaxe ascende a un 22,81% e a un 16,45% respectivamente (*vid.* fig. 4).




Fig. 4. Porcentaxe da presenza de cadea trimembres por xénero en cada colección

2.2. Distribución do tipo de segundo nome

Para o estudo dos segundos nomes, dispomos dun total de 2.166 cadeas relevantes (374 relativas a mulleres; 1.792 relativas a homes). En termos xerais, obsérvase nas dúas coleccións

estudadas un predominio das cadeas que inclúen como segundo nome un elemento patronímico ou detoponímico, mentres que as cadeas con segundo nome delexical representan unha porcentaxe moi baixa (*vid.* fig. 5 e 6)⁴.



Figs. 5 e 6. Porcentaxe de cadeas en función do tipo de segundo nome en cada colección

Ademais, dende un punto de vista diacrónico, ponse de manifesto nos documentos das dúas coleccións unha evolución significativa en canto ao tipo de segundo nome: a medida

que avanza a data do documento, aumenta a presenza de formas detoponímicas en detrimento de formas de carácter patronímico (*vid.* figs. 7 e 8).




Fig. 7. Evolución da porcentaxe dos tipos de segundo nome en RS




Fig. 8. Evolución da porcentaxe dos tipos de segundo nome en M

⁴ No que respecta a Ribas de Sil, quedaron fóra do cómputo tres formas que presentan dúbidas canto á súa adscripción a unha destas categorías. Estas formas están presentes nun total de catro cadeas e a súa ausencia no cómputo non supón mudanzas percentuais significativas. Con respecto a Montederramo, quedaron fóra do cómputo 11 formas (12 cadeas en total), que en termos percentuais representan algo menos do 1%.

Esta descrición xeral, tanto sincrónica coma diacrónica, adquire novos matices cando se atende á distinción por xéneros. No grupo dos homes, para empezar, as cadeas cun patro-

nímico e as cadeas cun detoponímico presentan porcentaxes moi semellantes, chegando estas últimas mesmo a dominar na colección de Ribas de Sil (*vid.* figs. 9 e 10).



Figs. 9 e 10. Distribución do tipo de segundo nome en cadeas masculinas nas dúas coleccións

Dende o punto de vista diacrónico, confírmase claramente neste grupo a evolución descrita, consistente no incremento do uso como segundos nomes das formas detoponímicas en detrimento das patronímicas, maioritarias só nos documentos das primeiras décadas (*vid.* figs. 11 e 12).

No grupo das mulleres, pola súa banda, o panorama é ben diferente. As secuencias cun segundo nome patronímico son claramente maioritarias nas dúas coleccións (representan, en todo caso, máis do 86% do total; *vid.* figs. 13 e 14).

Ademais, estas porcentaxes mantéñense estables ao longo de todo o período (*vid.* figs 15 e 16).

2.3. Características do segundo nome
2.3.1. As formas detoponímicas

Estas formas parecen conservar nas dúas coleccións a súa carga referencial xeográfica. Para empezar, do mesmo xeito que acontece cos elementos detoponímicos da documentación de Ribas de Sil (Bouzas 2019), só unha pequena parte das formas detoponímicas presentes nos




Fig. 11. Evolución da porcentaxe dos tipos de segundo nome en cadeas masculinas en RS




Fig. 12. Evolución da porcentaxe dos tipos de segundo nome en cadeas masculinas en M



Figs. 13 e 14. Distribución do tipo de segundo nome en cadeas femininas nas dúas coleccións




Fig. 15. Evolución da porcentaxe dos tipos de segundo nome en cadeas femininas en RS




Fig. 16. Evolución da porcentaxe dos tipos de segundo nome en cadeas femininas en M

documentos de Montederramo remite a lugares alleos ao propio couto (12%). Da grande maioría restante, unha porcentaxe aproximada do 56% remite mesmo a topónimos situados no actual concello de Montederramo e nos concellos lindeiros. Ademais, nas dúas coleccións obsérvase unha relación clara entre o tamaño do lugar ao que remite o detopónimo e a distancia xeográfica, isto é: cando a forma aplicada remite a un lugar máis distante do mosteiro, esta adoita corresponderse cun núcleo de maior entidade, como parroquias, vilas ou xurisdicións. Estes datos, comúns ás dúas coleccións, revelan a tendencia a aplicar como antropónimos aqueles topónimos que resultan coñecidos, é dicir, que conlevan un referente claro no contexto no que se produce o documento. Por último, como acontece tamen cos exemplos rexistrados en Ribas de Sil, no 90%

das secuencias presentes en Montederramo a forma é introducida pola preposición *de*, indicadora de procedencia ou pertenza, feito que parece confirmar que o segundo nome detopónimo conserva o seu carácter referencial: remite na meirande parte dos casos ao lugar de residencia ou orixe da persoa. Todos estes aspectos confirmanse no grupo das mulleres.

2.3.2. As formas patronímicas

Os patronímicos rexistrados conforman un grupo moi pouco heteroxéneo internamente: aínda que as dúas coleccións presentan en conxunto máis de 1.100 cadeas cun segundo nome patronímico, son nada máis que 38 os ítems correspondentes. Ademais, unicamente os oito máis frecuentes concorren, nas dúas coleccións, en máis do 75% das secuencias.

Á hora de analizar estas formas, cómpre lembrar que denotaban, en orixe, un vínculo paternofilial. Neste sentido cabe preguntase ata que punto seguen a reflectir esa clase de relación e, máis concretamente, ata que punto responden a un procedemento patronímico aínda produtivo (isto é, se aínda son resultado da adición dun sufixo patronímico ao nome de pía paterno para referenciar o parentesco). Para realizar esta análise teranse en conta os 68 casos de relación paternofilial rexistrados na documentación (16 en RS; 52 en M)⁵. Con todo, para pescudar as posibles diferenzas que neste sentido puidera haber en función do xénero da persoa descendente, estúdanse separadamente os casos que implican un fillo e os casos que implican unha filla.

a. Casos de relación entre pai e fillo:

En total documéntase no corpus un total de 55 casos que remiten a un vínculo entre pai e fillo, dos que un total de 37 (9 en RS; 28 en M) implican unha forma patronímica. Estes 37 casos consituirán a base da nosa análise.

A situación observada é heteroxénea (vid. fig. 17). Por unha banda, o procedemento patronímico parece ser aínda produtivo nun 59% dos casos, nos que o segundo nome do fillo coincide co primeiro nome do pai (vid. exs. 19-23):

- (19) Afonso Rrodrigues, fyllo de Rrodrigo de Vylla Ester (M, doc. 1801)
- (20) Jhan Fernandes, fillo de Fernán de Vergaços (M, doc. 1639)
- (21) Juan Afonso, [fillo de] Afonso Yanes (RS, doc. 118)
- (22) Rroy Gonçalues, [fillo de] Gonçaluo de Casanova (RS, doc. 144)
- (23) Rroy Lopes, filo de Lopo Tato (M, doc. 1560)

En contadas ocasións (4 casos), e unicamente na documentación de Montederramo, o segundo nome de carácter patronímico é compartido por pai e fillo (vid. ex. 24):

- (24) Afonso Vaásquez, fillo de Pero Vaasques (M, doc. 1659)

Nos restantes casos (30%) non hai coincidencia antroponímica de ningún tipo (vid. exs. 25-27):

- (25) Johan Domingues, [...] ffillo de Ffernando Anes que ffoy (RS, doc. 12)
- (26) Padrón Ffernandes, clérigo, fillo de Pero Meendes (M, doc. 1480)
- (27) Afonso Ddiiz, fillo de Álvaro Sotello (M, doc. 1810)




Fig. 17. Papel do patronímico nas relacións pai - fillo

b. Casos de relación entre pai e filla:

En total, documéntanse 13 casos que aluden a vínculos entre pai e filla (5 en RS; 8 en M). En todos eles, sen excepción, está implicada unha forma patronímica e hai algún tipo de coincidencia antroponímica (vid. fig. 18). Nalgúns casos (3 en RS; 3 en M) trátase dun patronímico derivado do nome de pía do pai, isto é, dun patronímico que parece ser aínda produtivo (vid. exs. 28-30):

- (28) Mayor Rrodrigues, [filla de] Rrodrigo de Myllan (RS, doc. 93)
- (29) Tereija Gonçalues, [filla de] Gonçaluo da Perna (RS, docs. 86, 94)
- (30) Mayor Áluares, filla de Áluaro Vasques de Valdiorres (M, doc. 1650)

Noutros casos (2 en RS; 5 en M) trátase dun segundo nome de orixe patronímica compartido (vid. exs. 31-33):

- (31) Elujra Lopes, ffilla de Diego Lopes da Sumoça (M, doc. 1479)
- (32) Juan Afonso de Petín, padre da dita Tereija Afonso (M, doc. 1677)
- (33) Ynes Gomez, [filla de] Pero Gomez de Casanoba (RS, doc. 101)




Fig. 18. Papel do patronímico nas relacións pai - filla

⁵ Exclúense as cadeas unimembres, nas que a persoa figura nomeada unicamente co nome de pía, por exemplo: «Gonçaluo de Penalua e Gomes, seu fillo» (RS, doc. 22). Evidentemente, estes casos non resultan relevantes para o estudo dunha posible pegada antroponímica interxeracional.

2.3.3. As formas delexicais

Aínda que as formas delexicais son pouco recorrentes como segundo nome, trátase dunha categoría con notable variación interna. Á hora de clasificar as formas correspondentes, cómpre distinguir, en función do modo de establecer a referencia, entre formas de referencia directa e formas de referencia indirecta (Viejo 1998: 171-172). As primeiras fan mención explícita a determinadas particularidades do individuo (profesión, físico, carácter, etc.); as segundas aluden a esas particularidades de xeito metafórico ou metonímico.

Tanto en número de formas como en frecuencia de aplicación, dominan no corpus estudado as formas de referencia directa (78 formas, 143 cadeas) fronte ás de referencia indirecta (37 formas, 55 cadeas). No conxunto de voces de referencia directa, son especialmente predominantes as relativas a profesión (*Besteiro*, *Carpenteiro*, *Colmeiro*, *Ferreiro*, *Monteiro*, *Zapateiro*, etc.) e atributos físicos (*Branco*, *Calvo*, *Crespo*, *Torto*, etc.), seguidas polas formas relativas a atributos de carácter (*Bravo*, *Leal*, *Ledo*, *Manso*, etc.) e de parentesco (*Sobriño*, *Colazo*). En menor medida, documéntanse voces relacionadas coa procedencia (*Galego*, *Asuriano*, *Portugués*) ou a idade (*Mozo*, *Vello*).

No tocante ás formas de referencia indirecta, que presentan carácter metafórico ou metonímico, non resulta doado establecer o dominio meta, é dicir, a referencia orixinal última que subxace ao seu uso como antropónimos. Mais no que respecta ao dominio fonte, é posible observar a recorrencia de certos campos semánticos. Nas dúas coleccións predominan os seguintes: obxectos da vida cotiá (15 formas, 22 cadeas, p. ex.: *Agulla*, *Balugo*, *Batel*, *Bulsiño*, *Botello*, *Saco*, *Xirón*), animais (12 formas, 16 cadeas, p. ex.: *Abellón*, *Carneiro*, *Coello*, *Lobo*, *Pato*, *Pombiño*) e partes do corpo (4 formas, 7 cadeas, p. ex.: *Pernas*, *Cachiña*).

Ao pescudar a presenza das formas delexicais no colectivo de mulleres, obsérvase unha certa diverxencia con respecto á tendencia xeral descrita. As formas aplicadas a mulleres son maioritariamente (se non de maneira exclusiva) indirectas⁶:

(34) Eluira *Janeyra* (RS, doc. 36)

(35) Mariña *Cachiña* (RS, doc. 64)

(36) Catalyña *das Vacas* (RS, doc. 77)

(37) Maria *de Deus* (M, docs. 1546, 1547)

As formas *Cachiña* e *das Vacas* encaixan nos campos semánticos dominantes. A voz *cachiña* deriva probablemente da palabra *cacho* (Kremer 1972-73: §24) e sería empregada con carácter metonímico para resaltar un atributo físico relacionado coa cabeza, mentres que a secuencia *das Vacas*, relativa ao mundo animal, podería facer referencia á actividade desempeñada pola persoa. Pola outra banda, dúas das formas documentadas resultan abstractas (*de Deus*, *Janeyra*). A forma *de Deus*, frecuente na Idade Media como sobrenome (Dolç 1960: §32), foi posta en relación coa profesión relixiosa (Rivas 1991: 499), se ben neste caso a súa atribución feminina podería estar dando conta dalgún outro sentido. A voz *Janeyra*, de motivación menos clara, procede posiblemente da forma latina IANUARIUS e estaría relacionada co mes correspondente (Dolç 1960: §23, §29).

Nesta curta listaxe pódese observar, ademais, a tendencia a aplicar o morfema de xénero feminino cando isto é posible, feito que apunta ao carácter aínda referencial dos antropónimos delexicais. A voz *Cachiña*, por exemplo, documéntase no mesmo corpus baixo a súa forma masculina (*Cachín*) cando se lle aplica a un varón (RS doc. 67, 68, 71, 79, 80). A voz *Janeyra*, pola súa banda, pervive como apelido na súa forma masculina, se ben castelanizada, sobre todo precisamente na zona de Ourense (*vid.* CAG).

3. Conclusións

Co obxectivo de achegar novos datos para o estudo da configuración, funcionamento e evolución do sistema antroponímico, na presente contribución foron analizados os antropónimos presentes nos documentos do século XV de dúas coleccións documentais, Santa María de Montederramo e Santo Estevo de Ribas de Sil. A análise do corpus realizouse tendo en conta a distinción en función do xénero e revelou algunhas particularidades e tendencias diverxentes que se confirman por igual nas dúas coleccións. En concreto, as diferenzas atinxen 1) a estrutura das cadeas, 2) a distribución dos tipos de segundo nome, tanto en termos absolutos como en perspectiva diacrónica, 3) a natureza das formas patronímicas e 4) o tipo de formas delexicais aplicadas.

⁶ De adscripción dubidosa é a forma *Morleira* (RS, docs. 23, 24).

As cadeas cun único elemento e mais as cadeas cun terceiro elemento, minoritarias no conxunto do corpus, son aínda máis excepcionais no colectivo feminino. Ademais, no que respecta á presenza de secuencias antroponímicas dun único elemento, isto é, o primeiro nome, as informacións complementarias mencionadas no contexto son de diferente natureza: mentres que no caso dos homes, o nome de pía vén acompañado por referencias á profesión e en menor medida ao parentesco, no caso das mulleres a referencia ao parentesco é claramente maioritaria.

No que se refire á distribución dos tipos de segundo nome, obsérvase que a competencia entre as formas detoponímicas e patronímicas na segunda posición se produce unicamente nas cadeas masculinas. Nas cadeas femininas documéntase un predominio claro das formas patronímicas, presentes no 90% dos casos rexistrados. Este predominio das formas patronímicas como segundo nome no colectivo feminino, ademais, mantense estable ao longo do século. É no grupo masculino onde os documentos revelan certa evolución sincrónica en canto ao tipo de segundo nome aplicado: obsérvase o incremento das formas detoponímicas en detrimento das patronímicas, xa en lixeira minoría nos documentos posteriores a 1435.

Con respecto ás características do segundo nome, a análise revela algunhas tendencias diverxentes en función do xénero nas categorías do patronímico e dos antroponimos delexicais. O estudo das formas patronímicas apunta a unha forte incidencia das relacións paternofiliais na adxudicación do segundo nome, posto que se producen coincidencia onomásticas nun 78% dos vínculos paternofiliais estudados. Cando se trata dunha filla, estas coincidencias rexístranse no 100% dos casos. A incidencia reflíctese nos

dous grupos tanto como resultado da produtividade do procedemento patronímico (a aplicación como segundo nome dunha forma derivada do nome do pai) como na transferencia do segundo nome patronímico entre xeracións (pai e descendente comparten a mesma forma como segundo nome). Mais a frecuencia de aplicación destas posibilidades é diferente en función do xénero da persoa descendente. Cando se trata dun fillo, a porcentaxe de casos nos que o patronímico é produtivo acada o 59%, mentres que os casos nos que o patronímico é compartido por pai e fillo non supera o 11%. Cando se trata dunha filla, a tendencia diverxe: o patronímico produtivo mantén un índice importante de ocorrencia (56%), mais a presenza dun patronímico compartido ascende ao 54% dos casos. Noutras palabras: faise frecuente a transferencia do mesmo segundo nome de pai a filla. No que atinxe os segundos nomes delexicais, minoritarios como segundo nome nos dous colectivos e nas dúas coleccións, hai datos que apuntan a diferenzas relativas ás categorías semánticas das formas aplicadas e ao modo de establecer a referencia. No corpus, as formas delexicais aplicadas no colectivo feminino establecen a referencia de xeito indirecto, mentres que no colectivo masculino dominan as formas de referencia directa. Ademais, o dominio fonte escollido para a referencia indirecta é abstracto en dous dos catro casos relativos a mulleres, fenómeno que se rexistra moi minoritariamente no colectivo dos homes.

Para poder confirmar ou desmentir estas tendencias, sería preciso reunir un maior volume de datos e a análise específica doutras coleccións documentais. Esperamos que estas observacións mostren o interese que tería este tipo de estudos e sirvan de estímulo para novas pescudas.

4. Referencias bibliográficas

4.1. Obras de consulta

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer.
- (2007): “Aproximación á configuración lingüística dos apelidos en Galicia”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 34, pp. 285-309.
- Bouzas, Paula (2016): *Documentos galegos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século XV)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2019): “Estudo antroponímico dunha comunidade galega do século XV”, en E. Carrilho *et alii* (eds.), *Estudos lingüísticos e filolóxicos ofrecidos a Ivo Castro*. Lisboa: Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa (CLUL), pp. 321-348.
- Dolç, Miguel (1960): “Antroponimia latina [da Península Ibérica]”, en M. Alvar, A. Badía e R. de Balbín, *Enciclopedia lingüística hispánica*. Madrid: CSIC, vol. I, pp. 389-421.

- Kremer, Dieter (1973): “Bemerkungen zu den mittelalterlichen hispanischen cognomina”, *APK* 12 (1972-73), pp. 101-188.
- Lorenzo, Ramón (2016): *Colección documental do mosteiro de Montederramo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rivas Quintas, Eligio (1991): *Onomástica persoal do noroeste hispano*. Lugo: Alvarellos.
- Viejo Fernández, Julio (1998): *La onomástica bajomedieval. Nombres de persona y procedimientos denominativos en Asturias, de los siglos XIII al XV*. Tübingen: Max Niemeyer.

4.2. Recursos en rede

- CAG = Ana Isabel Boullón Agrelo e Xulio Sousa Fernández (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.es/cag/> [consulta: 04/10/2020].
- DDG = Antón Santamarina (2006-2013): *Diccionario de diccionarios*, <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html> [consulta: 01/10/2020].
- DDGM = Ernesto González Seoane, María Álvarez de la Granja e Ana Isabel Boullón Agrelo (2006-2012): *Diccionario de diccionarios do galego medieval*, <http://sli.uvigo.es/DDGM/index.html> [consulta: 01/10/2020].
- TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.es/tmilg> [consulta: 18/09/2020].